

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip de Cedeira  
CURSO: 5º EP  
MATERIA: Matemáticas  
DATA: maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	5º-MTB1.4.1 - Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.</li> </ul>	MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
B2.4. Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</li> <li>▪ MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.</li> <li>▪ MTB2.6.7. Descompón números decimais atendendo o valor de posición das súas cifras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.</li> <li>▪ MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Operar con diferentes medidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.</li> <li>▪ MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.</li> <li>▪ MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.2.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.</li> </ul>

e rombo. Calcular a área de figuras planas.	
▪ B4.2. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.	▪ MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.
▪ B4.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	▪ MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b>  Análise das producións feitas polo/a alumno/a e entregadas a través dos medios establecidos (correo electrónico).  Intercambios orais co alumnado nas videoconferencias establecidas para a materia.  Análise da participación do alumnado no foro habilitado para a materia e a través do correo electrónico.</p> <p><b>Instrumentos:</b>  Rúbrica para análise e valoración das producións.  Análise e corrección mediante escalas de valoración dos traballos presentados.  Escala de valoración da participación polas canles establecidas.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b>  Segundo as instrucións, realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.  Entrega de traballos e tarefas propostas: 60%  Participación no foro da materia: 20%  Participación nas videoconferencias da materia: 20%</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b>  Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p> <p><b>Criterios de avaliación:</b>  Serán iguais que para o resto do alumnado, na parte que corresponde ao traballo proposto para este trimestre; realizarán un <b><u>programa de recuperación</u></b> de avaliacións pendentes, establecido para o alumnado con pendentes. No caso da materia de matemáticas, consistirá na realización e entrega dunhas actividades que recollan os contidos da avaliación suspensa, así como unha proba de lectura e comprensión escrita, realizada por videoconferencia co alumno/a en que tivese algunha avaliación suspensa.</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b>  Entrega e valoración do traballo xeral: 60%  Entrega e valoración do traballo específico de recuperación: 40%</p> <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b>  Entrega e valoración do traballo proposto, tanto xeral como específico para ese alumnado.</p>

No PLAN DE RECUPERACIÓN inclúese unha serie de actividades relacionadas cos contidos curriculares mínimos, que deberán de entregar por correo electrónico.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes. A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Neste curso comezamos o programa E-Dixgal en 5º polo que todo o alumnado conta con medios tecnolóxicos para o seguimento telemático do curso, así como acceso á plataforma EVA. A proposta e seguimento dos contidos e actividades faise a través desta plataforma, así como empregando as videoconferencias, que organizamos de forma coordinada entre a mestra-titora, a mestra PT do programa ARCO, a mestra do programa REFÓRZATE e a mestra de AL do colexio. Organizamos a clase en varios grupos, que se conectan todos os días da semana a través de videoconferencia. As dúbidas e explicacións de contidos realízanse a través do foro da materia, do correo electrónico e das videoconferencias establecidas.
<b>Materiais e recursos</b>	O alumnado fai uso de ordenador e/ou tabletas, móbil, todos eles con conexión a internet. O alumnado levou para casa todo o material en papel que precisaba, así como outro material funxible. Tamén facemos uso do servizo de fotocopias que proporciona o Concellería de Ensino do Concello de Redondela, para facilitar ás familias os recursos en papel que precisan os seus fillos e fillas. Páxinas web e aplicacións axustadas aos contidos e competencias que traballamos.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<b>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</b> Toda a información relativa ás actividades está subida á plataforma EVA EDIXGAL. As correccións fanse nas videoconferencias ou a través de correo electrónico. As comunicacións coas familias fanse a través do teléfono, de abalar e do correo electrónico. Tanto o alumnado como as súas familias están sendo informadas puntualmente dos procesos de realización, seguimento e recuperación da materia.
<b>Publicidade</b>	<b>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</b> As adaptacións das programacións faranse públicas na páxina web do centro.